



Sensibilización ambiental nas tecnoloxías da información

A Asociación Multisectorial de Empresas Españolas de Electrónica e Comunicacions (Asimelec) asinou onte un convenio de colaboración coa Fundación Biodiversidade para emprender un proxecto na área da sensibilización ambiental para Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (TIC), cofinanciado polo Fondo Social Europeo. En concreto, o proxecto fomenta o desenvolvemento de accións de concienciación sobre a correcta xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos e permitirá pór en marcha accións de información e sensibilización ós distintos axentes.